

ACTA Nº 59
ASEMBLEA EXTRAORDINARIA

Acta da Asemblea Xeral Ordinaria, celebrada o día 1 de maio de 2019, ás 11:00 horas en Santiago, no Hotel Oca Puerta del Camino, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

Asistentes

D ^a Monserrat Rey	Club Bm. Atlántico
D. Óscar Rodríguez Álvarez	Club ADC. Descubriendo Lugo
D. Luis Martínez Mosquera	Club Arteixo Bm.
D. Rubén Fernández Reinaldo	Club Bm. Cañiza
D. Vicente Rúa	Club Sd. Carballal
D ^a Iris Estévez Sestelo	Club Bm. Caselas
D. Ángel Canedo	Club Bm. Culleredo
D. José Antonio Varela	Club Bm. Deza
D. Juan Salvador Martínez	Club Bm Ferrolterra
D. Jesús López	Club Atl. Guardés
D. Rubén González	Club Bm. Lalín
D ^a . M ^a José Rego	Club UB. Lavadores
D. Óscar Fernández Martínez	Club Bm. Luceros
D. Brais Caneiro	Club Bm. Narón
D. Andrés Senra	Club Atl. Novás
D. Óscar Allegue Iglesias	Club Bm. Pontedeume
D. Abel Estévez	Club Bm. Porriño
D. José M. Rosendo	Club EB. Ribadavia
D. Xosé Ricardo Vázquez García	Club Bm. Ribadosar
D. Iván Reinaldo	Club DC. Ribeiro
D. Fco. Javier Aguiar	Club Bm. Rodeiro
D. Aurelio Krook	Club S.A.R.
D ^a . María Prelchi	Club Seis do Nadal
D. José C. Ameijeiras	Club S.D. Teucro
D. Miguel A. Martínez Castañeira	Club Bm. Tui
D. Miguel A. Barbeira	Club Bm. Xallas Fútbol
D. José A. Rodríguez Fraga	Club Ad. Xiria
D. Javier Luengo	Club Vilagarcía Bm-
D. Alejandro B. Castro Varela	Xogador
D. Francisco J. Gayoso Rivera	Xogador
D ^a Lorena Pérez Alonso	Xogadora
D. Francisco Varela Barba	Xogador
D. Constantino Vila Feijoo	Xogador
D. Hugo Rodríguez Barreiro	Adestrador
D ^a Andrea Cabaleiro Veloso	Árbitra
D. José Pérez Rodríguez	Árbitro

Preside a mesma o Pte. da Federación Galega de Balonmán D. Bruno López Molina estando na mesa da presidencia os Vicepresidentes D. Ignacio Permuy Varela, Fernando Mosquera Pérez, a Vicepresidenta D^a Alicia Montes López, a Directora Xeral D^a Patricia Sanmiguel García e a Secretaria Xeral D^a M^a Luísa Sueiro Cardoso.

O Presidente dá a benvinda a todos os presentes, e agradece a súa asistencia á asemblea. A continuación presenta a Xunta Directiva presente.

O Presidente di que hai dous clubs presentes que non son membros da asemblea e pide permiso á mesma para permitir a súa presenza, na mesma así como a dos acompañantes dos asembleístas.

O Presidente informa de que a convocatoria desta asemblea é obrigatoria xa que a mesma debería celebrarse antes do 31 de decembro de 2018 para aprobación do orzamento do 2019, xa que é obrigatoria a aprobación do mesmo para presentación das subvencións coas administracións e para a firma do convenio coa Xunta de Galicia, explicou que non se fixo antes porque se tomou posesión o 28 de decembro sen un traspaso de poderes e por cuestión de tempos non era factible convocala antes da data marcada pola Secretaría Xeral Para o Deporte.

O Presidente informa de que hai dúas auditorías de contas de 2017, unha privada encargada pola Federación a un auditor externo e outra da Xunta de Galicia, e non coinciden.

Na auditoría da empresa Audita2 non hai nada destacable. Na auditoría de A3M o máis destacable é unha débeda coa Real Federación Española de Balonmán por importe de 124.537,53 €, a explicación que aporta a anterior xunta directiva é que se debe a uns eventos que se fixeron en 2009 coa Selección Española, a día de hoxe consta un convenio coa Real Federación Española de Balonmán, no cal se indica que se realizaría o pago do canon a través dunha aportación a Deputación de Pontevedra. Ao mesmo tempo o presidente reconece que a débeda principal viuse alterada en numerosas ocasións polas compensacións e novas reclamacións por parte da R.F.E.B.M. con respecto a outros eventos, ademais dos avais a clubs galegos por parte da F.G.B.M.

O representante do club Cañiza pregunta cal é a posición da FGBm. en relación aos avais aos clubs.

O Presidente di que dende a Federación Galega non se avalará a ningún club sen previa autorización da asemblea xeral.

CONTAS ANUAIS 2018

O Presidente di que va a explicar as contas do 2018 aínda que non son de todo reais. Informa de que as contas fanse a través dunha xestoría e lle din que cos datos que teñen non foron capaces

de entregalas rematadas, que detectan erros importantes que se arrastran dende tempo atrás e que agora mesmo son incapaces de cadralas.

O Presidente di que as perdas andan coma mínimo ao redor de douscentos e pico mil euros contemplando a débeda da coa R.F.E.B.M., pero as facturas pendentes de pago superan os trescentos mil euros, tendo coma partida máis importante a prima do seguro deportivo da presente tempada que ronda os 165.000€ e á que hai que facer fronte o antes posible.

A Directora Xeral di que as contas non son as reais xa que está intentando polas ao día.

O representante do Club Teucro pregunta se iso non quere dicir que a federación está en creba.

O Presidente di que si, que sería unha creba técnica tendo en conta os fondos propios. Di que ao non haber traspaso de poderes e á ausencia de certos protocolos contables no funcionamento do día a día da federación, ademais de que a medida que avanza os días chegan máis facturas pendentes de abonar, que é moi difícil por as contas ao día pero que é cuestión de tempo, xa que están a descifrar certas partidas.

O representante do Club Teucro pregunta quen é o responsable desta situación, xa que a anterior xunta directiva debería explicar moitas cousas.

O Presidente lle di aos asembleístas que eles teñen a súa parte de responsabilidade, xa que na asemblea teñen a obriga de preguntar e pedir a revisión das mesmas, as contas de anos pasados están aprobadas; de todos xeitos el non está para buscar culpables nin o vai facer, se non para ofrecer solucións, sempre dende o principio de transparencia.

A Directora Xeral insiste en que as contas non se axustan a realidade, xa que a asesoría lle falta información e insiste en que a información recibíuse moi tarde e a contabilidade non estaba clara. Di que a situación é delicada pero que se intentará evitar o concurso de acredores, e que a débeda non é coas administracións se non con empresas privadas.

O representante do club Teucro pregunta se esta situación debeuse a unha mala xestión.

O Presidente di que a súa función non é xulgar iso, simplemente expor a situación real e buscar a viabilidade.

O Presidente di que se non hai máis preguntas vaise a someter a aprobación as contas do 2018.

Votación aprobación Contas anuais 2018

SI: 0 NON: 33 Abstención: 3

ORZAMENTO 2019

O Presidente di que faltan por pagar 165.000 € da póliza do seguro deportivo desta tempada e hai facturas impagadas por importe de 124.000 € de gastos varios.

Informa de que os eventos que a partires de agora traia a Federación ou traen rendemento económico ou un impacto promocional considerable ou non apostarán por esas iniciativas, xa que os eventos para ser deficitarios economicamente deben ter unha clara xustificación no ámbito do fomento do balonmán.

O Presidente explica o orzamento.

O presidente do Cañiza pregunta por qué non aparecen no orzamento as débedas que teñen os clubs coa Federación. Ademais, representantes de varios clubs manifestan o descontento porque hai clubs que pagan relixiosamente, esixen que se publique a lista de debedores.

O Presidente da Federación explica que se están facendo as comprobacións oportunas para cuantificar a débeda, e que se enviou unha circular a tódolos clubs informando que de non pagar en prazo, levaríase ó comité de Competición e comezarían a incrementarse os recargos que marca o Noreba.

O representante do Ribadosar di que o déficit non se contempla no orzamento do 2019.

A Directora Xeral explica que si se reflicte expresamente unha partida adicada á débeda no orzamento a federación podería ter problemas con certas subvencións, pero que evidentemente ahí están contemplados certos eventos e actividades nas que se espera obter certo superávit a través de sponsors privados.

O Presidente di que para conseguir a viabilidade da Federación e tratar de evitar un concurso de acredores é necesario a aprobación do orzamento para o 2019.

O representante do Club Teucro di que o que necesitan é un voto de confianza.

O Presidente di que iso é do que se trata e que é o que necesita a Federación, se non considerasen viable a situación nunca levarían o orzamento á asemblea.

O Presidente di que se non hai máis preguntas vaise a someter a aprobación do orzamento para o 2019.

Votación aprobación Orzamento 2019

SI: 34 NON: 0 Abstención: 2

ABANCA: TARXETA VISA E LIÑA DE CRÉDITO

O Presidente informa de que aínda que a Federación ata o de agora tiña unha tarxeta de crédito, para a súa renovación, Abanca di que para pedir unha tarxeta e abrir unha liña de crédito ten que estar aprobado pola Asemblea, polo cal solicita a aprobación da mesma.

Votación aprobación ABANCA: TARXETA VIÑA E LIÑA DE CRÉDITO

SI: 35 NON: 0 Abstención: 1

SEGURO DEPORTIVO

O Presidente di que tiveron máis de sete reunións cos representantes do seguro deportivo e que a Federación está contenta coa corredoría despois de perfilar certas melloras no funcionamento diario e nas condicións da póliza, na póliza anual queda un cupo de 35 persoas sen mutualizar. Informa de que hai unhas 280 persoas que a priori abonaron a prima e que se atopan pendentes de mutualizar (250 técnicos e 30 xogadores) o cal supón un sobrecoste importante na póliza.

O representante do club Teucro pregunta se ese seguro o pagaron os clubs e si é así onde están eses cartos.

O Presidente di que lles consta que si que o pagaron, e que el é o primeiro sorprendido con este tema xa que se enterou da situación tres meses despois de tomar posesión, insiste en que a federación xa puxo solución a este tema e que a día de hoxe xa se atopan baixo as coberturas do seguro deportivo.

O representante do club Ribeiro pregunta se iso correspóndese coa falta de entrega das licencias.

O Presidente di que non, que a póliza cubre a 1.800 asegurados e que a mesma ten un sobrecoste de 1.800 a 2.200 asegurados.

A representante do Club Atlántico di se non se pode separar o seguro dos xogadores e o dos oficiais.

O Presidente di que é algo que ten que tratarse na póliza do ano que ven

O representante do Club Teucro pregunta por qué o número de asegurados é distinto ao da póliza do ano anterior. O Presidente di que non sabe, pero que é o que está asinado na póliza, pero que xa está arranxado.

O Presidente di que a día de hoxe é imposible coñecer con detalle a siniestralidade desta tempada e que é necesario dar formación aos clubs para a tramitación dos partes, xa que moitos dos problemas e que se realiza mal o procedemento.

O Vicepresidente D. Fernando Mosquera di que os clubs moitas veces van aos centros médicos ou a seguridade social sen tramitar o parte de accidente e iso supón un sobrecoste nos accidentes moi importante á aseguradora.

O representante do club Teucro pregunta si se vai a seguir coa mesma corredoría xa que entende que están perdendo diñeiro cos sinistros.

O Presidente di que están a ter varias ofertas, aínda que están contentos coa corredoría actual, e que ademais está a responder a pesar dos problemas nos pagos.

O Presidente informa que dende a Federación vaise a plantexar para os clubs unha póliza de responsabilidade civil por 155 € anuais, unha tarifa plana para os clubs que decidan adherirse e que cumpre coas condicións estipuladas no Real Decreto.

PAXINA WEB

O Presidente informa de que a partires da próxima tempada a páxina web vai a cambiar e vaise a traballar ca empresa Tools, e a mesma comezará dende cero o que permitirá crear unha base de datos limpa e actualizada. Dentro da plataforma vaise a plantexar a formación online, unificando os cursos para que os mesmos non sexan totalmente presenciais.

Informa tamén que a mesma vai a ser economicamente ventaxosa para a Federación, xa que a páxina actual ten un custo mensual de 550 €, e coa nova páxina aforraríamos 4.000 € anuais, xa que o cambio se realizaría a través da RFEBM.

O Presidente di que é moi importante que os clubs se vaian afiliando a plataforma mlsquad, e que comuniquen a todos os integrantes do club (xogadores, corpo técnico, etc.) que se afilien. Nesta nova páxina a afiliación é individual e non pode facela o club para todos os xogadores, se non que teñen que ser eles os que se afilien. Todas as persoas teñen que afiliarse co seu DNI, dende benxamín a sénior, por iso é tan importante que os clubs non demoren a súa afiliación, ademais o enderezo electrónico que figure na base de datos debe ser dos afiliados/as ou dos responsables dos mesmos non do club. Así mesmo informa de que esta plataforma está a funcionar noutras comunidades e en pouco tempo estará presente na maior parte das federacións territoriais.

A representante do Club Seis do Nadal, di que un dos requisitos é o certificado de delitos sexuais, e que en Portugal non existe, xa que soamente se emite o de delitos penais e pregunta como se vai a facer.

O Presidente di que se terá que consultar, pero que debería ser válido o de delitos penais.

MUNDIAL JUNIOR

O Presidente informa da situación do mundial. Di que o evento é da RFEBM, que a día de hoxe a Federación Galega de Balonmán figura no convenio asinado coa Deputación de Pontevedra. Di que hai dúas sedes Pontevedra e Vigo, e que a Deputación Provincial de Pontevedra pon ao redor de 900.000 €. Di que a Federación Galega está en negociacións coa RFEBM para que unha das partidas presupostarias estea destinada a cubrir o traballo realizado pola Federación, ademais insiste en que esperan realizar iniciativas para que os clubs tamén teñan a oportunidade de xerar recursos económicos.

Informa de que a Xunta de Galicia, está interesada en colaborar coa Federación para este evento, pero tan só se firma un convenio de patrocinio coa Federación Galega, non coa RFEBM.

O representante do club Teucro, pregunta en que está a Federación Galega no Mundial.

O Presidente di que somos os que están a levar o peso organizativo a nivel local, e que a día de hoxe están en reunións cos concellos e deputación para decidir onde se xogan as diferentes fases do campionato. Informa tamén de que se está traballando para que sexan os clubs os que vendan as entradas e un porcentaxe sexa para eles. Di que se está a negociar o tema dos patrocinios e actividades paralelas.

O Presidente di que se tivo que pedir axuda aos clubs locais e que Óscar Fernández do Club Cangas leva a loxística e Carla Abad e Hugo Rodríguez levan o voluntariado, Fran Teixeira está a colaborar tamén en diferentes tarefas, que á Federación lle encantaría que a xente se animase a botar unha man.

O Presidente di que en días pasados houbo unha reunión no edificio das federacións de Vigo cos clubs de Pontevedra para falar do voluntariado, xa que van a ser necesarios uns 250 voluntarios diariamente e que é necesario que os pavillóns estean cheos en todos os partidos e vai a ser unha tarefa difícil xa que ao celebrarse no mes de xullo as datas non axudan.

O representante do Club Teucro di que si non hai firmada unha contraprestación económica ao club, non vai a colaborar, xa que ten que ser produtivo para todos.

O Presidente di que o que non pode ser e que un club leve todos os beneficios e que se vai a tentar que o mundial deixe beneficio económico e deportivo a todos os clubs de Galicia en función da súa implicación na organización, que o que non está disposto é a que haxa diferenciacións importantes neste aspecto e que no momento que se solicita unha contraprestación económica o termo voluntariado comeza a diluírse.

A representante do club Atlántico di que se quedou en facer unha reunión en A Coruña para o tema do voluntariado e non se puxeron e que non recibiron ningunha notificación e que non entende que se solicite un pago por ser voluntario.

Óscar Fernández di que aínda que se informou que se ía celebrar a reunión, a mesma non ten data de celebración, xa que queren que os voluntarios das catro provincias teñan as mesmas garantías e están a espera de conseguir a colaboración de diferentes entidades para o aloxamento.

COMPETICIÓN

O Presidente di que se están a preparar as competicións de cara a próxima tempada, e que as principais inxedanzas dos clubs son que as segundas categorías non poden rematar tan axiña e que carecen de aliciente competitivo.

Toma a palabra o responsable de competicións D. Óscar Pérez e di que están intentando darlle maior interese a Copa Federación, xa que agora mesmo é unha competición con pouco interese, e o problema co que se atopa e na categoría División Honra Xuvenil xa que remata no mes de marzo e hai moi poucas datas dende setembro a marzo.

O Presidente di que os clubs teñen que empezar a cumprir a normativa, xa que os horarios teñen que dalos con máis tempo de antelación e non pode ser que a xoves e venres se suspendan os partidos ou se modifiquen os horarios.

Informa que están intentando que todos os partidos teñan árbitros e que xa se está designando nalgúns partidos de categorías alevín e benxamín.

O Presidente di que o colectivo arbitral é moi necesario que aumente o número de árbitros, xa que os que hai non son suficientes e resulta moi complicado realizar as designacións cada semana, ademáis de que hai unha ausencia importante de protocolos claros de traballo dentro do estamento.

Di que a Federación non lle vai a pedir aos clubs que aporten árbitros, pero que os clubs tampouco poden pensar que a un partido de alevín vaise a designar un árbitro de Asobal, e que os clubs non poden permitir nin dende a grada ni dende os bancos a falta de respecto aos colexiados, e que é inadmisíbel que nas categorías de base haxa ningún tipo de problema, un árbitro/a non xuzga a posible mala actuación dos entrenadores/as ou xogadores/as, e pide que eles/as tampouco se tomen esa licenza.

Toma a palabra o Vicepresidente D. Ignacio Permuy e di que aínda que é certo que no colectivo arbitral hai que arranxar bastantes cousas, tamén é certo que a maioría pasa todos os fins de semana pitando por toda a xeografía galega. Di que son moitos os árbitros que están dispostos a colaborar e aínda que é certo que fai falla unha renovación, hai moitas cousas positivas.

D. Ignacio Permuy informa de que se van a celebrar varios cursos de árbitros.

ROGOS E PREGUNTAS

O representante do Club Narón pregunta a quen ten que chamar na Federación para cada concepto.

O Presidente di que se van a enviar unha serie de circulares aos clubs no que se comunicarán todos eses detalles.

O representante do Club Bm. Cañiza di que sería importante ver de comprar as porterías para a categoría benxamín.

O representante do Club Ferrolterra di que debería facerse captación de base na zona norte.

O Presidente di que se están dando cambios, pero que a labor que fan as escolas da deputación e moi importante de cara a captación de nenos.

O Presidente informa que este ano o Balonmán na Rúa que é a clausura das Escolas da Deputación de Pontevedra vaise a celebrar o 2 de xuño, xa que ao estar en eleccións e imposible que se celebre o 17 de maio.

Informa de que o 1 de xuño celebrarase o Campionato Galego de Clubs de categoría Alevín e Benxamín.

Informa de que o 21 de maio celebrarase o sorteo do Mundial para a confeccións dos diferentes grupos na sede da Deputación de Pontevedra, e están convidados todos os clubs galegos.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a Asemblea sendo as 14:20 horas do mesmo día, dando grazas o Presidente a todos os asistentes.



O Presidente
Bruno López Molina



A Secretaria Xeral,
María Luisa Sueiro Cardoso